

# TRABALLO DE FIN DE GRAO

A PERSPECTIVA FEMINISTA  
NAS GUÍAS DOCENTES DOS GRAOS EN EDUCACIÓN INFANTIL  
NAS UNIVERSIDADES DA CORUÑA (UDC) E  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)

LA PERSPECTIVA FEMINISTA EN LAS GUÍAS DOCENTES DE LOS  
GRADOS EN EDUCACIÓN INFANTIL EN LAS UNIVERSIDADES DE A  
CORUÑA (UDC) Y DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)

THE FEMINIST PERSPECTIVE IN THE TEACHING GUIDES FOR THE  
DEGREES OF EARLY CHILDHOOD EDUCATION AT THE  
UNIVERSITIES OF A CORUÑA (UDC) AND SANTIAGO DE  
COMPOSTELA (USC)

Carlota Rial Villar

Dir.<sup>a</sup> María Rosa Santorum Paz

Grao en Educación Infantil

Ano 2019/2020

## **RESUMO**

O presente Traballo de Fin de Grao en Educación Infantil artéllase sobre dous piares críticos: formación docente e feminismo. A través dun percorrido de reflexión sobre a presenza do sexismo na sociedade, na escola e na Universidade chégase ao convencemento sobre a prioridade da formación en feminismo nos Graos de Educación Infantil. Ten esta o obxectivo de capacitar ás futuras mestras e mestres para poder percibir e erradicar o sexismo presente nas aulas, transformando así a escola para construír unha sociedade xusta, libre e igualitaria. Para analizar se a inclusión da perspectiva feminista é unha realidade na formación dos Graos en Educación Infantil das Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela, realízase unha investigación das súas guías docentes dende unha perspectiva de xénero.

## **PALABRAS CHAVE**

Formación do profesorado, Educación Infantil, Sexismo, Coeducación, Feminismo.

*Porque un mundo feminista  
debería ser unha realidade  
e non só unha utopía.*

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	4
<b>2. OBXECTIVOS</b> .....	5
<b>3. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E CONTEXTUALIZACIÓN</b> .....	6
3.1. O marco dunha sociedade androcéntrica, misóxina e patriarcal .....	6
3.2. Escola construíndo a sociedade ou escola ao servizo da sociedade? .....	8
3.3. Universidade construíndo a sociedade ou Universidade ao servizo da sociedade? A relevancia da formación docente .....	13
3.4. Reflexións finais: aspiracións feministas dun futuro de cambio .....	17
<b>4. METODOLOXÍA</b> .....	18
<b>5. RESULTADOS</b> .....	19
5.1. Facultade de Ciencias da Educación da UDC – Grao en Educación Infantil .....	20
5.2. Facultade de Ciencias da Educación da USC (Santiago de Compostela) – Grao en Mestre de Educación Infantil .....	25
5.3. Facultade de Formación do Profesorado da USC (Lugo) – Grao en Mestre de Educación Infantil .....	31
5.4. Comparativa das tres Facultades de Educación da UDC e da USC .....	36
<b>6. CONCLUSIÓNS</b> .....	39
<b>7. VALORACIÓN</b> .....	42
<b>8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS</b> .....	44
<b>ANEXO I: FOLLAS DE REXISTRO</b> .....	47

## 1. INTRODUCCIÓN

A realización dun Traballo de Fin de Grao (TFG) é o proceso que culmina a formación dun Grao, neste caso é o paso definitivo para a obtención do título que capacita para ser mestra ou mestre de Educación Infantil.

No seu Documento Marco para a elaboración exprésase como un dos obxectivos xerais “desenvolver un pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica, desenvolvemento sostible e/ou ética” (2019, p. 4).

Ser consecuente coa elaboración do TFG e, por conseguinte, co obxectivo mencionado, así como coa formación en Ciencias da Educación e co meu ser como persoa, fai primordial a abordarxe da controvertida cuestión da igualdade.

Desenvolver un pensamento e xuízo crítico sobre este tema destacado de índole social e ética trae consigo afondar no sistema educativo dende a perspectiva feminista e, máis concretamente, reflexionar sobre a formación en competencias de xénero que recibimos as futuras mestras e mestres nos estudos de Grao en Educación Infantil.

Temos formación sobre feminismo, xénero, igualdade... para detectar o sexismo e actuar en consecuencia para erradicalo? Somos quen de crear unha escola realmente coeducativa?

As respostas das investigacións son claras: evidencian a presenza do sexismo en todos os niveis educativos.

A escola é un dos principais axentes de socialización e, inxustamente, de socialización diferencial. Como docentes temos unha loita vital ante este feito: aceptar que a nosa labor está atravesada e influída por cuestións de xénero. É preciso ser profesionais ética e moralmente comprometidos coa erradicación de calquera tipo de rol, estereotipo, prexuízo ou discriminación de xénero. Ser axentes de cambio, transformando, e non reproducindo, o sexismo presente na sociedade. Pero para que isto suceda antes fai falla decatarse das súas manifestacións e, polo tanto, a formación faise imprescindible.

Ao longo das seguintes páxinas quíxose reflexionar arredor do tema central da formación inicial do profesorado en feminismo, en ningún momento coa intención de culpar, senón como unha invitación a revisarnos e a cuestionarnos.

Para tal fin viuse necesario atender ás aportacións de diferentes estudos previos sobre a cuestión e analizar a realidade da configuración dos plans docentes, no referente á presenza da

perspectiva feminista, do Grao en Educación Infantil das Facultades de Educación da UDC e da USC.

Se somos conscientes, a igualdade está lonxe de ser unha realidade e estamos a falar dunha cuestión tan fundamental como é a xustiza social. Confiemos na fortaleza da reflexión para a transformación, aprendendo a ser sen as limitacións do patriarcado, senón dende as posibilidades do feminismo.

Froito desta preocupación artéllase o devir do presente TFG de investigación. Comézase coa exposición dos obxectivos a perseguir, continuando cun marco teórico que contextualice conceptos ineludibles que apoian o posterior estudo empírico, pechado cunha conclusión e reflexión sobre o investigado.

## **2. OBXECTIVOS**

Os principais obxectivos deste TFG céntranse en:

- Revisar investigacións previas sobre a perspectiva de xénero nos plans de estudo dos Graos de Educación no Sistema Universitario Galego (SUG).
- Analizar se a inclusión da perspectiva feminista é unha realidade nas guías docentes das materias que conforman os Graos en Educación Infantil das Facultades de Ciencias da Educación da UDC e da USC de Santiago de Compostela e da Facultade de Formación do Profesorado da USC de Lugo.
- Realizar unha análise comparativa entre as tres Facultades de Educación da UDC e USC, atendendo ao criterio da presenza da perspectiva de xénero nos seus plans de estudos dos Graos en Educación Infantil.
- Reflexionar sobre a necesidade da inclusión da perspectiva feminista nos Graos en Educación Infantil; describindo os beneficios da súa incorporación, así como os danos da súa ausencia, para a futura práctica profesional das mestras e mestres nas aulas de Educación Infantil.

### 3. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E CONTEXTUALIZACIÓN

#### 3.1. O marco dunha sociedade androcéntrica, misóxina e patriarcal

“Nunha cultura dominada polo androcentrismo, a misoxinia non é nin sequera percibida” (Subirats, 2019, p. 11).

É ineludible comezar a xustificación teórica deste TFG traendo esta verdade exposta pola referente en coeducación Marina Subirats. Recoñecer a realidade na que vivimos permitíranos ser conscientes da esixencia do cambio.

Parándonos a reflexionar sobre o contido da anterior afirmación, entendemos por androcentrismo “considerar ao home como medida de todas as cousas. O androcentrismo distorceu a realidade, deformou a ciencia e ten graves consecuencias na vida cotiá” (Varela, 2019, p. 227). Montserrat Moreno (1993) acerta nas súas palabras ao consideralo como “un dos prexuízos máis graves e castradores que padece a sociedade” (p. 16). Por outra banda, a misoxinia “invisible” da que se fala tradúcese nunha discriminación social das mulleres presente en interminables aspectos: político, laboral, educativo... (Herdero de Pedro, 2019).

Partindo disto, aparece un sistema de dominación, o patriarcado, que Dolores Reguant define como “forma de organización política, económica, relixiosa e social baseada na idea de autoridade e liderado do varón na que se dá o predominio dos homes sobre as mulleres” (Reguant, 1996, citado en Varela, 2019, p. 229).

Se avanzamos en conceptualizacións relacionadas, Celia Amorós considera que o concepto de patriarcado e o sistema sexo-xénero poderían chegar a considerarse como sinónimos polo feito de que a existencia do primeiro é derivada do segundo. É dicir, o patriarcado consolida a pertenza a dous grupos sociais que marcan sinais de identidade, as que domina e das que se beneficia (Herdero de Pedro, 2019).

Afondando, concretamente, na teoría de xénero, esta ten as súas orixes na famosa enunciación “non se nace muller, chégase a selo. Ningún destino biolóxico, físico ou económico define a figura que reviste no seno da sociedade a femia humana” de Simone de Beauvoir (2017, p. 431). Como definición, Amelia Valcárcel (2019) sinala que no feminismo o concepto xénero é entendido como unha “construción normativa que asegura as diverxencias entre varóns e mulleres” (p. 230). Polo tanto, como expón Judith Butler “os xéneros son, por definición, anti-naturais” (1986, citado en Cheira, 2019, p. 196). Así mesmo, os xéneros atenden a unha xerarquía, onde o xénero masculino domina e o feminino é subordinado (Varela, 2019). Do

exposto ata o de agora derivan todas as características, obrigacións, normas, expectativas, comportamentos, roles, estereotipos... que son impostos para a muller por nacer femia humana.

Certas modificacións lexislativas procuran rematar con esta discriminación e conseguir unha igualdade entre os sexos, mais son incapaces de mudar a realidade (Herederro de Pedro, 2019). Como apunta Nuria Varela “a brecha entre a igualdade formal e a igualdade real é enorme” (2019, p. 231), ao que amplía Emilia Moreno que “a lei garante a igualdade de oportunidades, pero a realidade encárgase de dificultala” (2000, p. 18).

É aquí onde o feminismo se converte en indispensable polo seu afán de mudar a realidade para establecer xustiza. O feminismo pode entenderse como unha teoría, discurso ou filosofía política e tamén como unha práctica ou movemento social. Victoria Sau (2000) explica: “atarefadas en facer feminismo, as feministas non se preocuparon demasiado en definilo” (p. 121). Así mesmo, ela, feminista, defíneo con acerto coas seguintes palabras:

movemento social e político que se inicia formalmente a finais do século XVIII e que supón a toma de conciencia das mulleres da opresión, dominación e explotación de que foron e son obxecto por parte dos varóns no seno do patriarcado baixo as súas distintas fases históricas de modelo de produción, o cal as move á acción para a liberación do seu sexo con todas as transformacións da sociedade que aquela requira.

Por que se fai necesaria esta introdución ao tema antes de centrarnos no ámbito educativo que nos ocupa?

A sociedade na que vivimos impregna todos os ámbitos da nosa vida, tamén o educativo. Escola e Universidade son parte da sociedade e, como tales, non son neutras, funcionan como instrumentos transmisores da súa cultura, incluíndo os saberes, pero tamén as discriminacións e, entre elas, a discriminación da muller. Askew e Ross argumentan esta realidade dun xeito claro:

A escola é un microcosmos da sociedade. A súa función é perpetuar os valores e as ideoloxías dominantes nela, e está organizada para conseguilo. Estes valores e ideoloxías son os dos varóns brancos de clase media (1991, citado en Moreno, 2000, p. 16).

De acordo co exposto ao longo deste apartado, advírtese que o sistema educativo valida e replica a norma social demandada polo patriarcado, onde se produce unha discriminación por cuestións de sexo-xénero.



### **3.2. Escola construíndo a sociedade ou escola ao servizo da sociedade?**

Unha vez descrita a realidade da sociedade na que nos enmarcamos é momento de reflexionar sobre a realidade da escola que construímos.

Antes de continuar, é precisa unha apreciación, a escola non é a única que se encarga da transmisión de modelos segregacionistas; a familia, os medios de comunicación ou o grupo de iguais xogan tamén unha importante función. Iso si, é indiscutible o seu importante papel e a súa responsabilidade ante tal feito (Moreno, 1993).

Existe unha lexislación educativa que intenta evitar esta discriminación da que vimos a falar e que ampara a loita pola igualdade entre os sexos. Concretamente, na etapa de Educación Infantil en Galicia rexémonos, de xeito xeral, pola Lei Orgánica de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) -pero sen cambios na etapa educativa na que nos enmarcamos-, e polo Decreto 330/2009, ademais doutras máis específicas.

A LOE -modificada a redacción deste punto pola LOMCE- anuncia como un dos principios da educación: “l) o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero” e como un dos fins: “b) a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”.

Pola súa banda, o currículo, expón:

Ao establecer o currículo de educación infantil preténdese garantir unha educación común ao conxunto da poboación e asegurar unha educación non discriminatoria que considere as posibilidades de desenvolvemento do alumnado, sexan cales sexan as súas condicións persoais e sociais -capacidade, sexo, raza, lingua, orixe sociocultural, crenzas e ideoloxía- mediante o exercicio de actuacións positivas ante a diversidade do alumando.

E como un dos seus fins a acadar na etapa:

Potenciarase a transmisión de aqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, a non violencia

en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Como se vén amosando ao longo destas páxinas, a realidade non concorda co establecido na lexislación. As análises da realidade educativa amosan a presenza do sexismo na educación. O problema do que estamos a falar é real e actual. Estase a reproducir e transmitir a discriminación e non a igualdade.

Partindo da base da función social da escola, tense que ter en conta que nela se produce unha socialización de xénero. Sobre isto, Emilia Moreno (2000) relata que nos espazos escolares poden observarse comportamentos típicos dos roles de xénero tradicionais, onde se educa na valoración positiva do masculino fronte ao menosprezo do feminino. Isto debería ser inconcibible se se ten presente que nas idades temperás, a través das experiencias formativas, se interiorizan os estereotipos da feminidade e a masculinidade hexemónicas, froito dos cales os propios comportamentos, expectativas e eleccións se verán condicionados (Harmat, 2020). E, como a súa adquisición se produce na etapa da infancia onde se carece de capacidade crítica para cuestionalos, nun futuro será difícil a súa modificación, pois ignorarase a súa existencia e o modo da súa adquisición e seguirán ao longo da vida (Moreno, 1993). Sobre isto non hai dúbida, “todos os estudos sobre procesos de socialización amosan a importancia dos primeiros anos de vida na adquisición das pautas de xénero” (Carreras, Subirats e Tomé, 2012, p. 36).

Derívase do anterior que a escola non é un espazo de socialización neutro, senón que é reprodutora dunha socialización diferencial en función do sexo-xénero caracterizada por un profundo sexismo.

Infinitos poden ser os exemplos concretos destas manifestacións: a inquedanza dun neno interprétase como unha chamada de atención da necesidade de estímulo e movemento, fronte a da nena, que se interpreta como necesidade de tranquilidade e agarimo; ofrécese maior movemento aos nenos e, pola contra, maior pasividade ás nenas; os xogos e xoguetes das nenas soen estar relacionados co aspecto físico e co coidado dos demais, os dos nenos, en cambio, acostuman ser bélicos, deportivos... (Carreras, Subirats e Tomé, 2012).

Estas manifestacións do sexismo poderían agruparse atendendo aos diferentes contextos da súa aparición: na organización escolar, nas metodoloxías, nos materiais, na linguaxe, no currículo, na actuación do profesorado... Por ser os máis acaídos coa temática desta investigación, mencionaremos a grandes liñas certas características dos tres últimos.

- Discriminación de xénero a través da linguaxe.

Baseándose en que o que non se nomea non existe, as mulleres non existen na linguaxe e, cando o fan, é nas ocasións excepcionais nas que se consideran fóra da norma masculina.

A linguaxe é unha construción social máis onde impera o androcentrismo e o patriarcado: o xenérico é o masculino, pois o home é a medida de todas as cousas. Polo tanto, a invisibilidade da muller é intencionada (Marañón, 2018).

Como explica Montserrat Moreno (1993), as nenas, dende ben pequenas, aprendemos que por razóns de economía utilízase a versión masculina das palabras para denominar ás persoas de ambos sexos, tendo que ceder a nosa identidade e aprender a expresarnos en masculino. “A muller permanecerá continuamente ante a dúbida de se debe renunciar á súa identidade sexolingüística para seguir as regras establecidas polas academias reais” (p. 35).

Así mesmo, como outro exemplo concreto, Carreras, Subirats e Tomé (2012) mencionan que se soe empregar máis diminutivos coas nenas e máis aumentativos cos nenos, e non só iso, senón que isto se complementa cos estereotipos de xénero tradicionais onde o masculino se relaciona coa fortaleza e o feminino coa fragilidade.

Á hora de coeducar debemos ter moito coidado con non perpetuar máis ás desigualdades a través dunha linguaxe sexista e estereotipada.

- Discriminación de xénero a través do currículo.

Nos contidos, impera a visión androcéntrica como criterio exclusivo, ocultándose ás mulleres (Heredero de Pedro, 2019). Como sinala Montserrat Moreno (1993), as historias que se ensinan son historias sen mulleres.

Para por fin a isto, Subirats (2017a) aconsella cambiar o currículo en dous sentidos: incorporando ás mulleres -para visibilizalas e para aportar modelos-, e modificando os coñecementos transmitidos -coa incorporación da educación emocional, para promover a empatía nos nenos e a seguridade nas nenas-.

A maiores, Rodríguez Martínez (2011) aconsella outras posibles direccións para fomentar un cambio cara unha escola menos sexista: eliminar os estereotipos e os roles de xénero nos contidos escolares, romper coa estrutura de poder establecida onde o masculino domina sobre o feminino e transformar os espazos en espazos de igualdade onde o lugar e a voz non estean invadidos polos nenos.

- Discriminación de xénero a través do profesorado

Mención especial merece nesta ocasión o papel do profesorado debido a investigación que se está a realizar. Neste caso, as mestras e mestres actúan como modelos mediadores e vehiculizadores do proceso de socialización, tanto coas súas prácticas explícitas como implícitas.

Os estudos ao respecto sinalan que as súas expectativas e actitudes funcionan como reforzos da discriminación, que parte da clasificación das persoas en función do sexo-xénero. Pola contra, o profesorado non se considera colaborador do fomento desta desigualdade, defenden que tratan por igual a nenas e nenos, e atribúen as prácticas sexistas ao conxunto da sociedade pero non á súa propia actuación. Existe aquí unha gran contradición pois as investigacións amosan un tratamento diferencial tamén por parte do persoal docente (Heredero de Pedro, 2019).

Unha investigación imprescindible neste eido é a de Subirats e Brullet (1988) sobre a transmisión dos xéneros na escola mixta. A pesar de ser feita fai algo máis de trinta anos, os seus resultados seguen a estar vixentes xa que en investigacións actuais séguese constatando este tratamento diferencial a favor dos nenos. Un dos aspectos que as autoras analizaron foi a interacción verbal entre profesorado e alumnado e, entre as súas conclusións destacan: os nenos reciben maior atención, a través dun maior número de palabras dirixidas a eles e tamén a través de máis interpelacións que ás nenas; ademais, cando elas as reciben soen ser máis cortas e menos variables na temática. Dentro disto, o número de verbos de movemento dirixidos ás nenas é menor que o número global de verbos pero os verbos que indican interacción persoal son máis frecuentes cara elas que cara eles. E, no referido aos adxectivos, vese que a pesar da menor interacción xeral da que falamos, a linguaxe dirixida ás nenas é máis adxectivada que a dirixida aos nenos.

Polo tanto, os nenos reciben maior atención en todos os aspectos, mentres que as nenas dispoñen de menor dedicación de tempo e enerxía. Na súa investigación Subirats e Brullet (1988) si detectan diferencias considerables pero explican que estas non son percibidas de forma consciente polo profesorado. Nesta idea concorda tamén Tomé (1999, citado en Castillo e Gamboa, 2013), sinalando que as e os docentes ignoran o sistema de valores sexistas que transmiten e, polo tanto, tamén as consecuencias da súas actuacións ao respecto.

Do mesmo xeito, outra investigación levada a cabo por Heredero de Pedro (2019) nos anos 2007-2008, amosou que aínda que as mentalidades das mestras e mestres se van transformando

en sintonía cos pequenos cambios que se producen na sociedade, segue sen existir unha verdadeira concienciación e compromiso a favor da igualdade de xénero, feito que afecta á consecución dunha educación coeducativa real.

Como conclusión xeral das investigacións sobre este tema extráese que o trato que reciben as nenas e os nenos é cualitativamente distinto en función do seu sexo, sendo elas as grandes prexudicadas. Así mesmo, prodúcese unha sobrevaloración de aspectos relacionados co xénero masculino e unha desvalorización dos relacionados co feminino. Como considera Rodríguez Martínez (2011), “os resultados das investigacións son cruciais porque chegaron á conclusión de que o concepto que teñen as e os docentes sobre as alumnas é lamentable. [...] As nenas reciben unha mensaxe implícita sobre a súa posición inferior que repercutirá nas súas posicións futuras, profesionais e sociais” (p. 79).

Agora ben, mentres que nas etapas de Primaria e Secundaria se veñen aplicando variedade de propostas coeducativas, a etapa de Infantil, como en tantas outras ocasións, segue a ser a esquecida nesta materia. Segue sen dársele importancia ás aprendizaxes adquiridas nestes anos, onde, como se vén argumentando, é un momento crítico na construcións de esquemas de xénero que nos acompañarán no resto das nosas vidas (Rodríguez Menéndez, s. d.).

Finalmente, non pode pecharse este apartado sen unha definición clara do modelo de escola coeducativa, que evidencie a distinción entre esta e a simple escola mixta. Tomé (1999, citado en Castillo e Gamboa, 2013) sinala que mentres que na escola mixta existe unha igualdade formal, na escola coeducativa búscase superar o sexismo na educación e chegar a unha igualdade real. Fai case trinta anos, Montserrat Moreno (1993) definía con gran exactitude coeducar a través das seguintes palabras:

Coeducar non é xustapoñer nunha mesma clase a individuos de ambos sexos, nin tampouco é unificar, eliminando as diferenzas mediante a presentación dun modelo único. Non é uniformar as mentes de nenas e nenos senón que, polo contrario, é ensinar a respectar o diferente e a desfrutar da riqueza que ofrece a variedade (p.69).

Numerosas preguntas e reflexións derivan do exposto: beneficia a escola á igualdade ou á discriminación? Estamos educando para romper cos estereotipos e os roles de xénero ou para adaptarse a vivir con eles? Que visión de xustiza se transmite?

Na escola, contamos con plans de igualdade e variedade de accións para promovela pero, en cambio, non se chega ao obxectivo final: educar en e para a igualdade. Que está a fallar na

consecución real dunha escola coeducativa? Marina Subirats (2013) e, como ela, numerosas persoas expertas en coeducación ratifican a formación do profesorado como un aspecto primordial para alcanzala. Polo tanto, temos a responsabilidade de revisarnos e reflexionar para ser conscientes dos esquemas de xénero que temos interiorizados e que transmitimos a través das nosas prácticas.

### **3.3. Universidade construíndo a sociedade ou Universidade ao servizo da sociedade? A relevancia da formación docente**

Descritas a realidade da sociedade na que vivimos e a realidade da escola na que educamos, é momento de inmiscirnos na realidade da Universidade na que se nos forma como futuras mestras e mestres. Expostos os problemas é preciso explorar ata as súas raíces para buscar posibles solucións. Isto é o que nos leva a preguntarnos se a formación inicial que recibimos nas Facultades de Educación está en consonancia cun espírito crítico e de reflexión, onde se aporte coñecementos para erradicar calquera tipo de discriminación de xénero.

En primeiro lugar, a inclusión da perspectiva de xénero no sistema educativo é un imperativo legal (Arias Rodríguez, Sánchez Bello e Lorenzo Castiñeiras, 2019). Polo tanto, a lexislación vixente, tamén no ámbito universitario, é contundente ao respecto.

Porto Castro, Mosteiro García e Castro Pais (2018) fan un exhaustivo percorrido sobre as diversas normativas que amparan o dereito a formación en materia de igualdade de xénero na Universidade. Comezan delimitando a situación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) coa Declaración de Bolonia (1999), onde se reforman os estudos universitarios e no cal hai unha pretensión explícita de reducir as desigualdades de xénero. Continúan coa Educación Superior en España, que concreta e amplía as premisas europeas: Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais; Lei Orgánica 1/2004, do 24 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades; Protocolo de Avaliación para a verificación de títulos Universitarios Oficiais de grao e mestrado da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e a Acreditación; Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades e a Declaración pola plena integración dos Estudos

das Mulleres, Feministas e de Xénero no Espazo Europeo de Educación Superior. E, finalmente, detallan o escenario normativo do Sistema Universitario Galego: Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia e os respectivos Plans de Igualdade da UDC, USC e UVigo.

Este marco normativo insta á Universidade, de xeito ineludible, a contribuír nos plans de estudos á formación nos principios e valores dos dereitos fundamentais da igualdade de xénero e da non discriminación.

Pola contra, as investigacións amosan o contrario. Amparámonos nas palabras dalgunhas persoas coñecedoras desta realidade para evidencialo: “a maioría do profesorado carece dunha formación adecuada nesta materia, pois formáronse baixo as mesmas pautas androcéntricas e sexistas cuxa eliminación estamos reclamando” (Herederro de Pedro, 2019, p. 134); “[as e] os docentes reciben relativamente pouca capacitación no recoñecemento e combate de estereotipos e prexuízos de xénero” (Stromquist, 2008, citado en Bigler, Roberson Hayes e Hamilton, 2013, p. 18); “os procesos de formación inicial do profesorado deben superar o déficit que os programas de formación presentan na abordaxe destes temas [sexismo]” (Araya, 2004, citado en Castillo e Gamboa, 2013, p. 13).

É notorio, pois, que as futuras mestras e mestres non contan, na súa formación inicial, con ensinanzas de calidade nos eidos do feminismo. Mais, unha reflexión contigua faise precisa, como argumentan Arias Rodríguez, Sánchez Bello e Lorenzo Castiñeiras (2019) tampouco o propio persoal docente universitario dispón destes coñecementos:

unha das figuras chave no sistema universitario é o profesorado que na actualidade, ao igual que no resto de ámbitos educativos, non está formado en competencias de xénero nin en estratexias orientadas a que o alumnado traballe de forma concreta ou transversal os contidos de xénero (p. 156).

Sobre isto, o proxecto *Gender Loops* “Metodoloxías, recursos e estratexias para traballar os temas de xénero para o profesorado de educación infantil e centros de formación do profesorado”, no que España foi un dos países participantes, recolle entre os seus resultados e conclusións dúas consideracións moi acaídas nesta contextualización: que o profesorado non considera as competencias de xénero como competencias profesionais destacadas para a súa labor docente e que nos Graos en Educación Infantil apenas existen materias específicas sobre xénero ou coeducación e, no caso de incluírse estas temáticas nos estudos, prodúcese en materias máis teóricas que didácticas. Demostran así que a perspectiva feminista non é

prioritaria na formación do profesorado de infantil e que a súa aplicación está suxeita a vontade individual das persoas interesadas neste eido (Romero Díaz e Abril Morales, 2008).

Unha investigación relacionada coa deste TFG é a levada a cabo por M<sup>a</sup> Alicia Arias Rodríguez, Ana Sánchez Bello e Juan José Lorenzo Castiñeiras (2019), centrada en analizar as guías docentes das materias do Grao de Educación Social da UDC. Os seus resultados manifestan que a perspectiva de xénero incorpórase nas guías dunha maneira superficial, polo que a actividade docente non chega a concretar o compromiso que a UDC defende ao respecto.

Existe, ademais, unha investigación concreta sobre a inclusión da perspectiva de xénero nos plans de estudo dos graos de Educación (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social e Pedagogía) no Sistema Universitario de Galicia, elaborada por Ana M. Porto Castro, M. Josefa Mosteiro García e M. Dolores Castro Pais (2018). Nela analizaron referencias xerais e competencias nos plans de estudos e memorias de verificación. Os resultados extraídos concordan coas da investigación citada anteriormente: a incorporación da perspectiva de xénero faise en termos xerais, sen especificar a súa consecución. Ademais, evidencian un número reducido de competencias sobre igualdade de xénero (concretamente en Educación Infantil unha xeral e unha específica) e sinalan a USC e a UVigo como as universidades que contan con maior presenza destas competencias.

En relación ao exposto, é indiscutible a necesidade de incluír a perspectiva feminista na docencia universitaria para promover o cambio que vimos defendendo nestas páxinas. Volvemos acollernos a declaracións de persoas expertas sobre isto: “a formación en xénero tería que constituír unha parte importante do currículo universitario” (Subirats, 2017a, p. 131); “a formación inicial de quen se vai a dedicar á docencia debería dedicar un espazo para a reflexión sobre as mulleres, a súa cultura e o seu papel na ciencia e na historia” (Moreno, 2000, p. 27); “[as e] os docentes necesitan capacitación para recoñecer os seus propios prexuízos explícitos e implícitos e como estes prexuízos afectan aos seus comportamentos na aula” (Bryan, 2012, citado en Bigler, Roberson Hayes e Hamilton, 2013, p. 18).

Unha docencia pensada dende a perspectiva feminista fundaméntase no desenvolvemento dun pensamento crítico que nos permita reflexionar e concienciarnos sobre a transcendencia dos nosos comportamentos como educadoras e educadores. Como explica Emilia Moreno (2000), non debe limitarse á simple enunciación de exemplos de estratexias para introducir na aula actividades non sexistas, senón que tamén ten que aportar coñecementos que permitan identificar cando se produce o sexismo para poder así erradicalo. Isto pode relacionarse co que



bell hooks (2017) denomina unha aula feminista, onde se produce unha ensinanza do feminismo e unha ensinanza feminista, reunindo coñecementos e habilidades, pero tamén posturas e responsabilidades.

Aínda así, non desexamos caer no pesimismo e queremos resaltar e valorar toda a labor das persoas que individualmente se esforzan, así como tamén ás oficinas e unidades de igualdade das universidades. Entre todas contribúen a crear unha realidade feminista na educación que desbota a discriminación e recolle as nosas necesidades e fortalezas.

Como exemplo disto, dende o 2013, as oficinas e unidades de igualdade das tres universidades galegas organizan a Xornada Universitaria Galega en Xénero (XUGeX), que serve como mostra dos traballos realizados, pero tamén como inspiración para tecer redes de colaboración.

Por outra banda, a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (2014) redactou a *Guía de apoio para introducir a perspectiva de xénero na docencia da Universidade de Vigo*, que promove repensar e reformular a práctica docente dende unha perspectiva feminista. Para conseguilo, aconsellan algunhas estratexias a ter en conta: evitar a influencia dos prexuízos sexistas e estereotipos de xénero, contribuír á visibilización das diferenzas, crear espazos de igualdade, fuxir da perspectiva androcéntrica, incorporar un discurso inclusivo, integrar competencias en xénero e igualdade e por en práctica titorías igualitarias.

Outra aportación ao respecto é a de Arias Rodríguez, Sánchez Bello e Lorenzo Castiñeiras (2019), persoal docente da UDC, que deseñaron un protocolo, utilizando como ferramenta unha ficha guiada con conceptos chave e áreas a revisar, para facilitar o coñecemento, a análise e a incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes das materias que imparte o profesorado universitario.

Concluimos recorrendo unha vez máis ás palabras de Marina Subirats (2017b), que tanto nos aportaron ao longo deste estudo, para sintetizar o exposto ata o de agora:

O cambio debe comezar, en gran parte, polos centros de formación do profesorado, que na súa maioría amosan un gran retraso respecto ás necesidades reais da educación de hoxe, así como tamén polo propio pensamento do profesorado que está nas escolas (p. 14).

Desta maneira, se hai unha acción de compromiso coa resolución destas problemáticas, comezarase o camiño cara unha educación igualitaria, inclusiva e coeducativa.

Conxugado con todo o anterior, enmárcase a nosa pequena investigación: analizar se a inclusión da perspectiva feminista é unha realidade nas guías docentes das materias dos Graos en Educación Infantil das tres Facultades de Educación da UDC e USC. Está recibindo o profesorado a formación inicial necesaria para mudar a escola e, como consecuencia, a sociedade? Hai diferenzas entre os plans docentes das tres facultades?

### **3.4. Reflexións finais: aspiracións feministas dun futuro de cambio**

A educación e a igualdade de xénero son dous dos principios reitores dos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 (Nacións Unidas, 2015) e, como tales, non pode quedar no esquecemento o noso compromiso coa calidade da súa consecución.

Apoiando as palabras de Subirats (2019), xa é tempo de renovar a educación e rematar coa opresión dos xéneros. Pois o sistema educativo é un dos piares decisivos á hora de promover unha ruptura coa reprodución e lograr unha transformación de identidades e relacións entre sexos (Bourdieu, 1998, citado en Heredero de Pedro, 2019).

O feminismo e a coeducación son o camiño, “a coeducación está a favor dunha construción do mundo común (a homes e mulleres) e non confrontada” (Simón, 2000, p. 48), onde a cooperación -neutralizando a dominación-, a xustiza -neutralizando a pretensión de privilexio- e a subxectividade -neutralizando a invisibilización- son uns dos seus principios.

Fai vinte anos, bell hooks, na súa primeira edición do seu libro *El feminismo es para todo el mundo*, afirmaba “o movemento feminista do futuro ten que pensar na educación feminista como algo significativo na vida de todo o mundo” (2017, p. 46). Expoñendo que de non ser así a sociedade na que vivimos seguirá socavando os innumerables cambios positivos conseguidos co esforzo da práctica feminista. Pois, como sinala Gellner “sociedades enteiras están profundamente comprometidas, con fervor cando non con arrogancia e toleada compracencia, coas crenzas máis absurdas...” (2005, citado en Rodríguez Martínez, 2011, p. 22).

Heredero de Pedro declara que “non é fácil cambiar as mentalidades, fraguadas tras séculos de opresión” (2019, p. 13). É, sen dúbida, un proceso arduo e complexo, contra vento e marea, pero xerador de xustiza e liberdade.

Recapitulando, ao longo destas páxinas de contextualización e xustificación teórica desta investigación fíxose un percorrido descritivo da realidade sexista na que vivimos, partindo dunha visión xeral, a sociedade, ata unha máis concreta, o sistema educativo. Concretáronse algunhas das súas manifestacións ata centrarnos no papel do profesorado, chegando á conclusión da prioridade da súa formación nos eidos do feminismo.

Unha formación que capacite para reflexionar de xeito crítico. Para que educamos? En que educamos? Como educamos? As mestras e os mestres somos referentes, ensinamos a través do exemplo. É a nosa profesión, a nosa responsabilidade, o noso compromiso e a nosa obriga.

Feminismo é igualdade e liberdade. Nel recóllense reflexións críticas de conceptos centrais nesta investigación, como sexo, xénero, sexismo, patriarcado, androcentrismo ou coeducación. Velaquí o motivo de referirnos á perspectiva feminista no título deste TFG, dende a visión dunha alumna feminista non se atopa mellor termo no que confiar tal cometido.

#### **4. METODOLOXÍA**

Un dos obxectivos deste TFG, como se expuxo no apartado 2 do presente, é “analizar se a inclusión da perspectiva feminista é unha realidade nas guías docentes das materias que conforman o Grao en Educación Infantil das Facultades de Ciencias da Educación da UDC e da USC de Santiago de Compostela e da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo”.

Para abordalo, realizouse unha análise de contido das mencionadas guías docentes do curso académico do 2019/2020 -na súa versión en galego- das tres facultades da UDC e USC. Concretamente, analizáronse un total de 138 guías docentes:

- 45 guías docentes, de 30 materias obrigatorias (incluídas Practicum I, II e TFG) e 15 materias optativas, do Grao en Educación Infantil na Facultade de Ciencias da Educación da UDC.
- 47 guías docentes, de 30 materias obrigatorias (incluídas Practicum I, II e TFG) e 17 materias optativas, do Grao en Mestre de Educación Infantil na Facultade de Ciencias da Educación da USC (Santiago de Compostela).
- 46 guías docentes, de 30 materias obrigatorias (incluídas Practicum I, II e TFG) e 16 materias optativas, Grao en Mestre de Educación Infantil na Facultade de Formación do Profesorado da USC (Lugo).

Revisadas anteriores investigacións en torno ao obxecto de estudo (Arias Rodríguez, Sánchez Bello e Lorenzo Castiñeiras, 2019; Porto Castro, Mosteiro García e Castro Pais, 2018) concordouse coas categorías de análise máis utilizadas na literatura especializada: xénero, sexo, coeducación, igualdade, diversidade e discriminación, sendo estas tres últimas contabilizados só nos casos onde estaban referidas concretamente coas tres primeiras. A maiores, decidiuse incorporar o concepto feminismo como fundamental. Estas categorías de análise gardan, para nós, total concordancia coa perspectiva feminista coa que nos referimos nestas páxinas.

Para a busca dalgúns termos utilizáronse as súas raíces, abarcando así un abano máis amplo de palabras derivadas como: feminización, feminina, sexista, sexismo, sexual, sexualidade, coeducativa, coeducar, igualitaria, discriminatoria e antidiscriminativa.

Tal e como se pode comprobar no Anexo I, rexistrouse a presenza das categorías de análise, tanto nas materias obrigatorias como optativas, nos seguintes apartados das guías docentes: competencias, contidos, observacións e resultados da aprendizaxe (na UDC) ou obxectivos da materia (na USC).

Posteriormente, a través dunha metodoloxía cuantitativa, procedeuse ao reconto da cantidade dos rexistros obtidos, plasmados nunha serie de táboas e figuras que facilitaron a análise da información. Así mesmo, a través da metodoloxía cualitativa, cun enfoque descritivo-explicativo, foise comentando o recollido para obter un maior entendemento da información recadada e permitindo extraer unha serie de conclusións.

## **5. RESULTADOS**

A continuación, recóllense os principais resultados extraídos logo de analizar as guías docentes dos Graos de Educación Infantil anteriormente especificadas. Os rexistros dos datos pormenorizados das categorías de análise relacionadas co obxecto de investigación poden consultarse no Anexo I.

Para facilitar a súa exposición, esta farase en catro apartados diferenciados:

Os tres primeiros corresponden ás análises específicas de cada unha das tres facultades - Facultades de Ciencias da Educación da UDC e da USC e Facultade de Formación do Profesorado da USC-. Así mesmo, os resultados estarán distribuídos entre materias obrigatorias e optativas. Esta distinción faise indispensable debido a que se ben as materias obrigatorias son de obrigado cumprimento, nas optativas hai liberdade de elección entre unhas ou outras e, polo

tanto, a súa incidencia, á hora de chegar ao alumnado, é moito máis baixa. Por consecuencia, no caso concreto das materias optativas que nas súas guías docentes inclúan unha perspectiva feminista, estas chegarán só a certas alumnas e alumnos e non á totalidade, como é o caso das materias obrigatorias.

Como peche, o apartado final alberga unha análise comparativa dos datos representativos entre estas tres facultades, proporcionando a posibilidade de coñecer en cal delas hai unha maior presenza das categorías de análise desta investigación e, por consecuencia, unha maior perspectiva feminista nas súas guías docentes.

### 5.1. Facultade de Ciencias da Educación da UDC – Grao en Educación Infantil

Ao revisar a totalidade das guías docentes do Grao en Educación Infantil da UDC, como se observa na táboa 1 e figura 1, dun total de 45 materias -tendo en conta materias obrigatorias e optativas- en 23 delas aparece algunha das categorías de análise, o que representa un 51,1 %. Atendendo ás materias obrigatorias, de 30 delas, 18 recollen algunha categoría de análise, equivalendo a un 60 % de presenza. E, no referido ás optativas, de 15 materias, son 5 as que presentan categorías de análise, un 33,3 % das mesmas.

Táboa 1


*Materias do Grao en Educación Infantil da UDC que presentan categorías de análise*

	N	%
Materias obrigatorias (30)	18	60
Materias optativas (15)	5	33,3
Total (45)	23	51,1

*Fonte:* Elaboración propia.

Figura 1

*Materias do Grao en Educación Infantil da UDC que presentan categorías de análise*



Fonte: Elaboración propia.

Nota. M.: materias.

## MATERIAS OBRIGATORIAS

Mencionadas anteriormente, das 30 materias obrigatorias en 18 delas aparece algún dos termos das categorías de análise, correspondendo a un 60 % das mesmas. A continuación realízase unha análise máis detallada deste grupo de materias, isto é, centrándonos na presenza das categorías de análise atendendo aos distintos apartados das súas guías docentes, onde, como se amosa na táboa 2 e figura 2, se atoparon mostras en competencias, resultados da aprendizaxe, contidos e observacións.

En 13 materias (43,3 %), das 18 obrigatorias que recollen algún termo analizado, preséntanse nas *competencias*, concretamente na A13 que ten que ver con analizar os cambios nas relacións de xénero. Unha aclaración ao respecto faise necesaria: da totalidade de competencias do grao -básicas, específicas e transversais-, só nesta competencia específica A13 se recolle algún termo referido ás categorías de análise (neste caso, xénero).

No referido a *resultados de aprendizaxe*, en 5 das materias (16,7 %) subliñan a importancia de rexeitar a discriminación baseada nas diferenzas de sexo, o coñecemento da dimensión de xénero no perfil dos profesionais que traballan na educación infantil e a situación do peche cultural que supón o sexismo. Na materia de Practicum II refírese a deseñar e planificar proxectos de aprendizaxe que atendan a igualdade de xénero.

Adicionalmente, como excepción, unha materia en concreto, na súa descrición xeral fai referencia a realizar unha análise da diversidade humana en termos de xénero, sexualidade...

Sobre os *contidos*, en 3 materias (10 %) trátase especificamente temas sobre desigualdades sociais en base ao xénero, evolución social do concepto xénero, políticas de igualdade, coeducación como proxecto e sexismo e educación infantil.

Neste caso, a maiores, unha materia presenta como contido “prexuízos, estereotipos e outros tipos de discriminación e exclusión nas institucións escolares”. Este caso non foi contabilizado nas 3 materias anteriormente mencionadas debido a que non se especifican cuestións de sexo, xénero ou igualdade, mais faise precisa esta aclaración.

Mención especial precisa a materia obrigatoria TFG, onde as súas temáticas poderían ser consideradas como contidos, mais non como contidos obrigatorios, senón como optativos, debido á posibilidade de escolla entre eles. Polo tanto, este aspecto non foi contabilizado nos datos da táboa 2 nin na táboa 3 debido á súa excepcionalidade. Como acontece coas materias optativas, o feito de que se recollan temáticas con perspectiva de xénero/feminista non trae consigo que repercutan na totalidade do alumnado que curse o grao, senón nunhas poucas alumnas ou alumnos que opten por estas temáticas en cuestión. Neste caso, dun total de 91 temáticas diferenciadas que se ofertan, 3 (3,3 %) recollen algunha das categorías de análise: construción de xénero e estereotipos sexistas, educación afectivo-sexual e aprendizaxe-servizo dende a perspectiva de xénero. Hai un caso singular, a temática “a heteronormatividade no mundo infantil: unha pedagogía crítica”, que se ben non recolle ningún termo das categorías de análise desta investigación, si garda certa relación coa temática tratada.

Por último, en 3 das materias (10 %), no apartado de *observacións* menciónanse cuestións sobre o uso de linguaxe non sexista, a detección e corrección de discriminacións por razón de xénero ou a identificación e modificación de prexuízos e actitudes sexistas. Nunha delas aclárase que se terán en conta as recomendacións da Rede de Colaboración Interuniversitaria para a docencia e a investigación na educación superior con perspectiva de xénero (tipoloxía de exemplos empregados, formas de relacionarse co alumnado, organización da materia, desenvolvemento dos contidos, linguaxe e fontes empregadas...).

Táboa 2

*Apartados das guías docentes das materias obrigatorias do Grao en Educación Infantil da UDC que presentan categorías de análise*


	N	%
Materias obrigatorias	18	60
Competencias	13	43,3
Resultados da aprendizaxe	5	16,7
Contidos	3	10
Observacións	3	10

*Fonte.* Elaboración propia.

*Nota.* Porcentaxe calculada sobre a totalidade de materias obrigatorias (30).

Figura 2

*Apartados das guías docentes das materias obrigatorias do Grao en Educación Infantil da UDC que presentan categorías de análise*



*Fonte:* Elaboración propia.

*Nota.* R. Aprendizaxe: Resultados da aprendizaxe.



## MATERIAS OPTATIVAS

Das correspondentes 15 materias optativas, en 5 delas aparece algún dos termos incluídos nas categorías de análise, correspondendo a un 33,3 % das mesmas.

Concretamente, como se amosa na táboa 3 e figura 3, en 4 desas 5 materias (26,7 %) as categorías de análise recóllense no apartado de *competencias*, referido este á competencia específica A13, xa mencionada anteriormente nas materias obrigatorias. Por outra banda, en 2 desas materias (13,3 %) menciónanse as categorías analizadas no apartado de *observacións* (uso de linguaxe non sexista, utilización de biografía de autoría de ambos sexos, identificación e modificación de prexuízos e actitudes sexistas... aclarando que se incorpora a perspectiva de xénero segundo recollen distintas normativas para a docencia universitaria).

En cambio, en ningún *resultado de aprendizaxe* ou *contido* das materias optativas se recolle algún termo referido ás categorías de análise desta investigación.

Táboa 3

*Apartados das guías docentes das materias optativas do Grao en Educación Infantil da UDC que presentan categorías de análise*


	N	%
Materias optativas	5	33,3
Competencias	4	26,7
Resultados da aprendizaxe	0	0
Contidos	0	0
Observacións	2	13,3

*Fonte:* Elaboración propia.

*Nota.* Porcentaxe calculada sobre a totalidade de materias optativas (15).

Figura 3

*Apartados das guías docentes das materias optativas do Grao en Educación Infantil da UDC que presentan categorías de análise*



Fonte: Elaboración propia.

Nota. R. Aprendizaxe: Resultados da aprendizaxe.

## **5.2. Facultade de Ciencias da Educación da USC (Santiago de Compostela) – Grao en Mestre de Educación Infantil**

Revisadas a totalidade das guías docentes do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC da Facultade de Ciencias da Educación (Santiago de Compostela), como se observa na táboa 4 e figura 4, dun total de 47 materias -tendo en conta materias obrigatorias e optativas- en 39 delas aparece algunha das categorías de análise, o que representa un 83 %. Atendendo ás materias obrigatorias, de 30 delas, 25 recollen algunha categoría de análise, equivalendo a un 83,3 % de presenza. E, no referido ás optativas, de 17 materias, son 14 as que presentan categorías de análise, sendo un 82,4 % das mesmas.

Táboa 4


*Materias do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC da Facultade de Ciencias da Educación (Santiago de Compostela) que presentan categorías de análise*

	N	%
Materias obrigatorias (30)	25	83,3
Materias optativas (17)	14	82,4
Total (47)	39	83

Fonte: Elaboración propia.

Figura 4

*Materias do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC da Facultade de Ciencias da Educación ( Santiago de Compostela) que presentan categorías de análise*



Fonte: Elaboración propia. Nota. M.: Materias.

### MATERIAS OBRIGATORIAS

Das 30 materias obrigatorias, en 25 delas aparece algún dos termos das categorías de análise, correspondendo a un 83,3 % das mesmas. Na táboa 5 e figura 5 realízase unha análise máis detallada en relación á presenza de mostras das categorías de análise nos distintos apartados das guías docentes: competencias, obxectivos, contidos e observacións.

En 14 materias (46,7 %), das 25 obrigatorias que recollen algún termo analizado, preséntanse no apartado de *competencias*. Por un lado, 12 materias na competencia xeral G3

referida a deseñar e regular espazos que atendan á igualdade de xénero e, por outro, 2 materias na competencia específica E13 que ten que ver con analizar os cambios nas relacións de xénero.

No referido a *obxectivos*, unha das materias (3,3 %) subliña a importancia de entender a educación como práctica social condicionada por variables como o xénero.

Sobre os *contidos*, en 4 materias (13,3 %) trátanse especificamente temas sobre socialización diferencial de xénero, xénero e inclusión educativa, a coeducación como ferramenta igualitaria, cambios nas relacións de xénero, análise da desigualdade en educación en base ao xénero e a feminización da profesión docente.

As temáticas concretas do TFG, de igual xeito que como se comentou na UDC, non foron contabilizadas nos datos da táboa 5 nin na táboa 6 debido á súa excepcionalidade. Neste caso, dun total 88 de temáticas diferenciadas que se ofertan, 5 (5,7 %) recollen algunha das categorías de análise: coeducación, educación e xénero, xénero e discapacidade, violencia de xénero e educación e socialización diferencial de xénero e socialización preventiva da violencia de xénero.

Por último, en 23 destas materias (76,7 %), no apartado de *observacións* mencionan unha aclaración en torno á perspectiva de xénero. Concretamente, 22 delas recollen as mesmas palabras: “recoméndase facer un uso da linguaxe non sexista tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos”. A maiores disto, unha delas engade que tamén se utilizarán outras medidas como a organización paritaria de grupos, a mostra das contribucións científicas e técnicas das mulleres e das propias alumnas, a introdución do xénero como categoría de análise dos traballos do alumnado... A materia restante, recolle como observación o respecto dos criterios de igualdade de xénero no desenvolvemento das clases e na realización dos traballos.

Como puntualización, unha materia “Socioloxía da Educación” recolle a perspectiva de xénero na totalidade dos apartados analizados: competencias -específica-, obxectivos da materia, contidos e observacións.

Táboa 5

*Apartados das guías docentes das materias obrigatorias do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC da Facultade de Ciencias da Educación (Santiago de Compostela) que presentan categorías de análise*


	N	%
Materias obrigatorias	25	83,3
Competencias	14	46,7
Obxectivos	1	3,3
Contidos	4	13,3
Observacións	23	76,7

Fonte. Elaboración propia.

Nota. Porcentaxe calculada sobre a totalidade de materias obrigatorias (30).

Figura 5

*Apartados das guías docentes das materias obrigatorias do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC da Facultade de Ciencias da Educación (Santiago de Compostela) que presentan categorías de análise*



Fonte: Elaboración propia.

## MATERIAS OPTATIVAS

Das correspondentes 17 materias optativas, en 14 delas aparece algún dos termos incluídos nas categorías de análise, correspondendo a un 82,4 % das mesmas. En particular, unha delas denomínase “Identidade de Xénero e Educación”.

Como se plasma na táboa 6 e figura 6, en 4 desas 14 materias (23,5 %) as categorías de análise recóllense no apartado de *competencias*. En 2, na competencias xeral G3 -xa mencionada anteriormente nas materias obrigatorias-; noutra na competencia específica E13 -tamén recollida no apartado anterior-; e unha terceira na competencia xeral G3 e nas competencias específicas EC34 referida a analizar aspectos dos procesos e mecanismos que interveñen na constitución da identidade feminina e masculina e EC37 sobre crear condicións educativo-socializadoras igualitarias en función do xénero.

Unha é a materia (“Identidade de Xénero e Educación”) que recolle categorías de análise no apartado de *obxectivos* e *contidos*. Exemplos de obxectivos son: profundar nos aspectos que interveñen na construción das identidades feminina e masculina; contribuír á formación para capacitar a implementación de actitudes e prácticas coeducativas; adquirir compromiso coa igualdade de xénero... Exemplos de contidos son: debate sexo-xénero; teorías relevantes acerca dos procesos de construción das identidades de xénero (enfoques teóricos-feministas); a constitución social das identidades de xénero...

Por último, no referido ao apartado de *observacións*, en 11 destas materias (64,7 %) mencionan unha aclaración en torno á perspectiva de xénero. Concretamente, en 10 delas, ao igual que nas materias obrigatorias, recollen as mesmas palabras: “recoméndase facer un uso da linguaxe non sexista tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos”. A maiores disto, ao igual que noutra materia obrigatoria, unha delas engade que tamén se utilizarán outras medidas como a organización paritaria de grupos, a mostra das contribucións científicas e técnicas das mulleres e das propias alumnas, a introdución do xénero como categoría de análise dos traballos do alumnado... A materia restante, recolle como observación a importancia da educación en xénero a idades temperás para evitar a violencia de xénero - asumíndoa como unha violación dos dereitos humanos-.

Como puntualización, a materia “Identidade de Xénero e Educación” recolle a perspectiva de xénero na totalidade dos apartados analizados: competencias -xeral e específicas-, obxectivos -xerais e específicos, contidos e observacións. Así como a presenza das categorías de análise sexo, xénero, coeducación, feminismo, igualdade e diversidade.

Táboa 6

*Apartados das guías docentes das materias optativas do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC da Facultade de Ciencias da Educación (Santiago de Compostela) que presentan categorías de análise*


	N	%
Materias optativas	14	82,4
Competencias	4	23,5
Obxectivos	1	5,9
Contidos	1	5,9
Observacións	11	64,7

*Fonte:* Elaboración propia.

*Nota.* Porcentaxe calculada sobre a totalidade de materias optativas (17).

Figura 6

*Apartados das guías docentes das materias optativas do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC da Facultade de Ciencias da Educación (Santiago de Compostela) que presentan categorías de análise*



*Fonte:* Elaboración propia.

### 5.3. Facultade de Formación do Profesorado da USC (Lugo) – Grao en Mestre de Educación Infantil

Ao revisar a totalidade das guías docentes do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC da Facultade de Formación do Profesorado (Lugo), como se observa na táboa 7 e figura 7, dun total de 46 materias -tendo en conta materias obrigatorias e optativas- en 28 delas aparece algunha das categorías de análise, o que representa un 60,9 %. Atendendo ás materias obrigatorias, de 30 delas, 19 recollen algunha categoría de análise, equivalendo a un 63,3 % de presenza. E, no referido ás optativas, de 16 materias, son 9 as que presentan categorías de análise, sendo un 56,3 % das mesmas.

Táboa 7


*Materias do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC na Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) que presentan categorías de análise*

	N	%
Materias obrigatorias (30)	19	63,3
Materias optativas (16)	9	56,3
Total (46)	28	60,9

Fonte: Elaboración propia.

Figura 7

*Materias do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC na Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) que presentan categorías de análise*



Fonte: Elaboración propia.

Nota. M.: Materias.



## MATERIAS OBRIGATORIAS

En 19 materias obligatorias (63,3 %), do total de 30, aparece algún dos termos das categorías de análise. Unha análise pormenorizada segundo aos distintos apartados das guías docentes é amosada na táboa 8 e figura 8.

No apartado de *competencias*, en 16 materias (53,3 %), das 19 obligatorias que recollen algún termo analizado. Por un lado, 14 materias na competencia xeral G3 referida a deseñar e regular espazos que atendan á igualdade de xénero. E, por outro, 2 materias na competencia específica E13 que ten que ver con analizar os cambios nas relacións de xénero.

No referido a *obxectivos*, en 3 das materias (10 %) recollen: fomentar unha educación democrática da cidadanía con atención especial á igualdade de xénero; atender á igualdade de xénero no proceso de ensino e aprendizaxe; coñecer o impacto escolar dos cambios nos roles e relacións de xénero e ser máis tolerantes cara a diversidade (identidade de xénero, orientación sexual...) para promover estratexias didácticas para a inclusión educativa e social.

Sobre os *contidos*, en 3 materias (10 %) trátanse especificamente temas sobre o pulo pola igualdade de xénero e a denuncia do sexismo; recursos para educar no respecto á diversidade afectivo sexual; concepto e recursos para a coeducación; mecanismos de transmisión dos roles de xénero na escola mixta; o rol de xénero na escola e rol de xénero, identidade sexual e orientación sexual.

Se facemos referencia ao TFG, dun total de 60 temáticas diferenciadas que se ofertan, 2 (3,3%) recollen algunha das categorías de análise: coeducación e mecanismos de construción das identidades e roles feminino e masculino no ámbito escolar. Como se explicou nas ocasións anteriores, esta información non foi contabilizada na táboa 8 nin na táboa 9.

Por último, en 2 destas materias (6,7 %), no apartado de *observacións* mencionan unha aclaración en torno á perspectiva de xénero. Concretamente, unha recolle como observación o respecto dos criterios de igualdade de xénero no desenvolvemento das clases e na realización dos traballos e a outra recomenda facer uso da linguaxe non sexista tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos.

Táboa 8

*Apartados das guías docentes das materias obrigatorias do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC na Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) que presentan categorías de análise*


	N	%
Materias obrigatorias	19	63,3
Competencias	16	53,3
Obxectivos	3	10
Contidos	3	10
Observacións	2	6,7

*Fonte.* Elaboración propia.

*Nota.* Porcentaxe calculada sobre a totalidade de materias obrigatorias (30).

Figura 8

*Apartados das guías docentes das materias obrigatorias do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC na Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) que presentan categorías de análise*



*Fonte:* Elaboración propia.

## MATERIAS OPTATIVAS

Das correspondentes 16 materias optativas, en 9 delas aparece algún dos termos incluídos nas categorías de análise, correspondendo a un 56,3 % das mesmas. En particular, unha delas, ao igual que na Facultade de Santiago de Compostela, denomínase “Identidade de Xénero e Educación”,

Concretamente, como se amosa na táboa 9 e figura 9, en 6 desas 9 materias (37,5 %) as categorías de análise recóllense no apartado de *competencias*. En 5, na competencias xeral G3 -xa mencionada anteriormente nas materias obrigatorias-; e noutra na competencia específica EC34 referida a analizar aspectos dos procesos e mecanismos que interveñen na constitución da identidade feminina e masculina e EC37 sobre crear condicións educativo-socializadoras igualitarias en función do xénero.

No referido aos apartados de *obxectivos* e *contidos*, unha é a materia (“Identidade de Xénero e Educación”) que recolle categorías de análise neles. Exemplos dos obxectivos son: formar e fomentar prácticas coeducativas que xeren actitudes críticas ante o sexismo; analizar e avaliar a incidencia do xénero na socialización e na construción da identidade persoal; impregnarse dun comportamento comprometido e sensible coas pautas socializadoras xeradoras da igualdade de xénero... Exemplos dos contidos son: socioloxía do xénero: debate entre os construtos sexo-xénero; escola coeducativa; materiais e recursos para o fomento da coeducación; construción da identidade de xénero; linguaxe como axente socializadora de xénero... A maiores, outra materia traballa o contido “igualdade, equidade e xustiza” pero este non foi contabilizado ao non especificar que se refire ao sexo ou xénero.

Por último, no apartado de *observacións*, en 4 destas materias (25 %) mencionan unha aclaración en torno á perspectiva de xénero. Concretamente, nunha exponse que se respectarán os criterios de igualdade de xénero; noutra que se empregará unha linguaxe non sexista, visibilizando a presenza das mulleres e nas restantes dúas recoméndase facer un uso da linguaxe non sexista.

Táboa 9

*Apartados das guías docentes das materias optativas do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC na Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) que presentan categorías de análise*


	N	%
Materias optativas	9	56,3
Competencias	6	37,5
Obxectivos	1	6,3
Contidos	1	6,3
Observacións	4	25

*Fonte:* Elaboración propia.

*Nota.* Porcentaxe calculada sobre a totalidade de materias optativas (16).

Figura 9

*Apartados das guías docentes das materias optativas do Grao en Mestre de Educación Infantil da USC na Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) que presentan categorías de análise*



*Fonte:* Elaboración propia.

#### 5.4. Comparativa das tres Facultades de Educación da UDC e da USC

Como se amosa na táboa 10 e na figura 10, a Facultade de Ciencias da Educación da USC en Santiago de Compostela é a facultade que maior presenza de perspectiva feminista contempla nas súas guías docentes, en total, un 83 % das súas materias presentan algunha categoría de análise (un 83,3 % se nos centramos nas materias obrigatorias e un 82,4 % nas optativas). É seguida pola outra Facultade da USC, a Facultade de Formación do Profesorado en Lugo coa presenza nun 60,9 % de xeito total (63,3 % atendendo ás materias obrigatorias e 56,3 % nas optativas). Por último atópase a Facultade de Ciencias da Educación da UDC, onde a presenza é dun 51,1 % en cómputos xerais das materias (60 % nas obrigatorias e 33,3 % nas optativas). Isto coincide co resultado da investigación realizada por Porto Castro, Mosteiro García e Castro Pais (2018), aínda que concretamente no seu caso só se centraron na análise das competencias, chégase á mesma conclusión en termos de que é a USC a Universidade con maior presenza de competencias sobre xénero, tanto a nivel xeral de Graos de Educación como a nivel específico do Grao en Educación Infantil (en relación USC-UDC).

Táboa 10

*Comparativa entre as materias do Grao en Educación Infantil das tres facultades da UDC e da USC que presentan categorías de análise*


	UDC		USC		USC	
	Fac. Cc. Ed.		Fac. Cc. Ed. S. C.		Fac. F. Prof. Lugo	
	N	%	N	%	N	%
Materias obrigatorias	18	60	25	83,3	19	63,3
Materias optativas	5	33,3	14	82,4	9	56,3
Total	23	51,1	39	83	28	60,9

*Fonte:* Elaboración propia.

*Nota.* Fac.: Facultade; Cc. Ed.: Ciencias da Educación; S. C.: Santiago de Compostela; F.: Formación; Prof.: Profesorado.

Figura 10

Comparativa entre as materias do Grao en Educación Infantil das tres facultades da UDC e da USC que presentan categorías de análise (%)



Fonte: Elaboración propia.

Nota. M.: Materias

Nos apartados anteriores describíronse individualmente os resultados das tres facultades atendendo aos diferentes apartados das guías docentes onde aparecían termos das categorías de análise: competencias, resultados da aprendizaxe (denominados obxectivos da materia na USC), contidos e observacións.

No relativo ás *competencias*, estas poden ser comúns á totalidade das materias. Na UDC hai mostras da competencia específica 13 referida a analizar cambios nas relacións de xénero e na USC hai referencias tamén á mesma competencia e, a maiores, á competencia xeral 3 sobre deseñar e regular espazos que atendan á diversidade de xénero. Por outra banda, a materia optativa Identidade de Xénero e Educación, nas dúas facultades da USC, recolle, en exclusiva, dúas competencias distintas, a EC34 referida a analizar aspectos dos procesos e mecanismos que interveñen na constitución da identidade feminina e masculina e a EC37 sobre crear condicións educativo-socializadoras igualitarias en función do xénero.

O mesmo acontece coas *observacións*, os comentarios que se incorporan soen estar relacionados coa recomendación de empregar unha linguaxe non sexista.

Nos casos onde os *resultados da aprendizaxe* ou *obxectivos da materia* albergan categorías de análise, estes están formulados segundo a conquista da competencia xeral ou específica planeada.

Pola contra, o apartado de *contidos* é un apartado específico de cada materia, onde se marcan as diferenzas, e conta cun significativo valor. Neste sentido, queremos aportar unha visión comparativa das tres facultades tendo en conta o tratamento da presenza feminista nos contidos traballados das súas materias. Pode observarse na táboa 11 e na figura 11 que neste aspecto en concreto tamén é a Facultade de Ciencias da Educación da USC en Santiago de Compostela a que conta con máis materias que abordan a perspectiva feminista nos seus contidos, sendo un total de 5 materias (10,6 %) -4 obrigatorias (representando o 13,3 % das mesmas) e 1 optativa (5,9 %)-. Logo dela tamén está a outra facultade da USC, a Facultade de Formación do Profesorado en Lugo, cun total de 4 materias que recollen contidos específicos de xénero (o 8,7 % do total das materias), das cales 3 son obrigatorias (10%) e 1 é optativa (6,3 %). Por último atópase de novo a Facultade de Ciencias da Educación da UDC, onde son 3 as materias obrigatorias que contemplan nos seus contidos algunhas das categorías de análise, representando un 6,7 % no cómputo xeral de materias e un 10 % no cómputo das materias obrigatorias.

Táboa 11

*Comparativa entre as materias do Grao en Educación Infantil das tres facultades da UDC e da USC que presentan categorías de análise nos contidos*


	UDC		USC		USC	
	Fac. Cc. Ed.		Fac. Cc. Ed. S. C.		Fac. F. Prof. Lugo	
	N	%	N	%	N	%
Contidos M. Obrigatorias	3	10	4	13,3	3	10
Contidos M. Optativas	0	0	1	5,9	1	6,3
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>6,7</b>	<b>5</b>	<b>10,6</b>	<b>4</b>	<b>8,7</b>

*Fonte:* Elaboración propia.

*Nota.* M.: Materias; Fac.: Facultade; Cc. Ed.: Ciencias da Educación; S. C.: Santiago de Compostela; F.: Formación; Prof.: Profesorado.

Figura 11

Comparativa entre as materias do Grao en de Educación Infantil das tres facultades da UDC e da USC que presentan categorías de análise nos contidos (N)



Fonte: Elaboración propia.

Nota. M.: Materias.

## 6. CONCLUSIONES

A descrición dos resultados obtidos aporta xa unha visión da realidade da escasa inclusión da perspectiva feminista nas guías docentes dos Graos en Educación Infantil das Facultades de Ciencias da Educación da UDC e da USC de Santiago de Compostela e da Facultade de Formación do Profesorado da USC de Lugo. Aínda así, a raíz dos datos recollidos poden comentarse unha serie de reflexións.

Os datos, en xeral, non son devastadores, nas tres facultades hai certa presenza das categorías de análise, pero esta presenza non é nin suficiente nin relevante. A inmensa maioría dos termos incluídos nas categorías de análise están recollidos, como se amosou anteriormente, nos apartados de *competencias* e *observacións*. Ten isto unha repercusión real? É dicir, como se materializa a consecución desas competencias na formación do alumnado se despois non se especifican os contidos a través dos cales se traballarán nin os obxectivos ou os resultados de aprendizaxe que se acadarán? Que nivel de relevancia teñen unhas palabras concretas a modo de comentario nas observacións dunha guía docente? Isto pode relacionarse coas conclusións defendidas nas investigacións de Porto Castro, Mosteiro García e Castro Pais (2018) e Arias Rodríguez, Sánchez Bello e Lorenzo Castiñeiras (2019), que afirman que a incorporación da



perspectiva de xénero nas guías docentes se fai en termos xerais e dun xeito superficial, sen afondar e especificar a súa consecución.

En relación ao apartado de *observacións*, este acostuma incorporar unhas liñas sobre o uso da linguaxe non sexista. En gran parte das materias da Facultade de Ciencias da Educación da USC en Santiago de Compostela, e nalgúñas da Facultade de Formación do Profesorado da USC en Lugo, recóllense as seguintes palabras “en atención a criterios de igualdade de xénero no ámbito universitario, recoméndase facer uso da linguaxe non sexista tanto no traballo cotiá da aula como nos traballos académicos encomendados”. Recoméndase? Un exemplo máis da superficialidade do compromiso coa igualdade de xénero. Así mesmo, a linguaxe empregada na maioría das propias guías docentes non é unha linguaxe non sexista, mesmo naquelas que recollen que se recomenda facer uso dela. Existen profesores e alumnos pero case non existen profesoras nin alumnas.

Relativo a isto, é de especial mención que na USC, a pesares de contar, en relación coa UDC, con maior presenza de perspectiva feminista nas súas guías docentes, o propio nome do seu Grao “Grao en Mestre de Educación Infantil” está a invisibilizar a maior parte das persoas que o cursan: as súas alumnas, futuras mestras.

Outro aspecto especialmente relevante é que só dúas materias concretas, das 138 materias analizadas, tratan especificamente, na súa totalidade, cuestións sobre igualdade de xénero: “Identidade de xénero e educación” -unha en cada facultade da USC-. Iso si, a materia é optativa, déixase en mans da elección persoal e voluntaria se se opta ou non por formarse ao respecto. Concorde isto coa investigación *Gender Loops* (Romero Díaz e Abril Morales, 2008), recollida no marco teórico, que conclúe que case non existen materias específicas que aborden as temáticas de xénero e coeducación nos Graos en Educación Infantil.

No referido ás categorías de análise, ofende ou provoca medo a palabra feminismo tamén na Universidade? Se, como vimos expoñendo, o feminismo defende a igualdade, oponse á discriminación e á desigualdade e argumenta conceptos como sexo e xénero; como non se fai mención a esta palabra? Nas 138 guías docentes analizadas só foi nomeada dúas veces: unha nunha materia obrigatoria da Facultade de Ciencias da Educación da UDC (no apartado de observacións, “integración da perspectiva feminista”) e outra nunha materia optativa da Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela da USC (como contido “o enfoque teórico feminista”).

E a palabra coeducación? Esta pode considerarse un concepto máis específico do ámbito educativo, mais, pola contra, só aparece en 5 guías docentes das 138 analizadas. Se non atopábamos unha explicación razoable para xustificar a escasa utilización da palabra feminismo, para o caso de coeducación, aínda menos.

Se estas cuestións tan fundamentais non se abordan, a través de materias obrigatorias, na formación inicial das mestras e mestres, estase a aportar unha visión negada da realidade. A Universidade e a escola son responsables da formación das persoas. Non son estas ensinanzas esenciais para unha futura mestra ou mestre e tamén para unha nena e un neno de Educación Infantil?

Con esta pequena investigación, corrobórase o argumentado no marco teórico e concórdase cos resultados e conclusións das tres investigacións recollidas ao respecto (Romero Díaz e Abril Morales, 2008; Porto Castro, Mosteiro García e Castro Pais, 2018; Arias Rodríguez, Sánchez Bello e Lorenzo Castiñeiras, 2019). Obsérvase que a situación non mudou e que segue a ser imperante a necesidade de incluír a perspectiva feminista nos plans de estudos para producir un cambio na formación inicial das futuras mestras e mestres de Educación Infantil.

Logo de revisar a bibliografía empregada e de realizar a investigación, pode concluírse que hai sexismo na sociedade e no sistema educativo e que non hai formación suficiente en, desde e para o feminismo. Este é un gran problema que trae consigo grandes consecuencias. Parece que hai intencións de cambio, intenta lexislarse e recollerse en documentos oficiais, pero sen aplicación efectiva na realidade.

Neste caso, as oficinas para a igualdade de xénero do Sistema Universitario Galego están a promover accións para fomentar a inclusión da perspectiva de xénero na Universidade. Concretamente, para principios do curso 2020-2021 preséntanse, como recursos para o profesorado universitario, as “Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero”, acompañadas con formación específica sobre a incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes (Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC). Agardamos e confiamos que o persoal docente se interese nestes eidos e o acadado chegue máis alá que as palabras nun documento, senón que se transforme en accións na docencia.

Con todo, os datos amosados fan visible o feito de que se non se intervén e se introducen cambios estase a colaborar na reprodución do modelo sexista imperante na sociedade. Aínda así, a idea de “facer visible o invisible” non aplica a todo nesta situación, pois o que está a suceder e as súas consecuencias xa son visibles, mais parece que non se queren ver. Resulta

insólito que sigamos coa mesma loita, que non se chegara a producir o cambio e o avance polo que tantos anos se leva loitando. Pero, como menciona Iria Marañón (2018), non existirá unha sociedade completamente feminista mentres non se consiga unha concienciación global, que parte de que as propias nenas e mulleres se pensen como feministas e os homes como aliados do feminismo.

## **7. VALORACIÓN**

Partindo da base que non resulta sinxelo avaliar razoablemente unha mesma o seu propio traballo, nas seguintes liñas intentarei analizar o proceso de elaboración deste TFG e non só a consecución do resultado final.

Dende o momento da elección da temática tiven claro que quería que xirase en torno ao feminismo. A miña historia persoal e a sensibilidade que me inunda fai que as innumerables e inxustas actitudes sexistas que nos rodean non pasen desapercibidas para min. Non quería perder a oportunidade que me brinda a elaboración deste traballo, que me abre as portas para ser mestra de Educación Infantil, para contribuír á visibilización e reivindicación sobre a necesidade de formación nos eidos do feminismo.

A idea inicial sobre o tema en concreto estaba referida á relación profesorado-alumando, máis concretamente ao tratamento diferencial por parte do profesorado ao alumnado segundo o seu sexo-xénero. A situación actual de pandemia debido ao COVID-19 que estamos a vivir fixo imposible a súa consecución, pois era preciso realizar observacións presenciais nas aulas de Educación Infantil. A súa adaptación derivou na presente temática: a análise da formación inicial do profesorado dende unha perspectiva feminista. Para ser quen de levala a cabo nun momento de confinamento, optouse pola análise das guías docentes das Universidades máis coñecidas e achegadas para min -UDC e USC-.

A preparación deste TFG trouxo consigo moita reflexión e, a maior reflexión, maior convicción sobre a importancia do tema a investigar, pero tamén maior convicción da importancia da necesidade do seu constante estudo. Moita foi a bibliografía de valor atopada, non toda foi recollida aquí, mais desexo seguir investigando e formándome con ela.

Considero, ademais, que non debemos esquecernos do resto de cruciais desigualdades e discriminacións que tamén están presentes na educación: o racismo, o capacitismo, a homofobia, o clasismo... Como unha das posibles futuras liñas de investigación, que

complementaría a temática deste traballo e que resulta de gran interese para min, estaría a relativa á heteronormatividade como discurso hexemónico na escola.

Se me remonto aos obxectivos planeados, valoro que todos eles foron desenvoltos e acadados: o marco teórico artellouse sobre a información das investigacións revisadas ao respecto; a parte empírica abordou a análise das guías docentes das facultades da UDC e USC, así como a comparativa entre elas e a totalidade do traballo estivo constantemente atravesado pola reflexión sobre a perspectiva feminista, argumentando os beneficios da súa inclusión e os danos da súa ausencia.

Por todo o exposto penso que a concepción deste TFG non poido ser máis enriquecedora, aínda que o resultado sempre ten opción de mellorarse. Algunhas das pautas que salientaría para a súa mellora serían incluír as Facultades de Educación da Universidade de Vigo -para ter unha comparativa de todo o Sistema Universitario Galego- e ampliar a xustificación teórica -con maior variedade de autoras e autores, profundando con máis aportacións concretas sobre o tema de estudo-.

Apóíome nas palabras coas que Glenda MacNaughton pecha un dos seus libros para concluír este escrito “os desafíos de ser unha mestra de Educación Infantil feminista son considerables. [...] Pero se outras persoas poden aprender dos nosos esforzos, entón os estereotipos de xénero cotiás poden non instalarse como cómodas verdades na primeira infancia” (2000, p. 247-248).

Este TFG ten a ilusión de ser unha pequena semente nun camiño alternativo. Busca facer pensar e reflexionar, revisarse e concienciarse.

## 8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Arias Rodríguez, M<sup>a</sup>. A., Sánchez Bello, A. e Lorenzo Castiñeiras, J. J. (2019). Elementos integradores de la perspectiva de género en las guías docentes del grado en Educación Social. En A. J. López Díaz (ed.), *Violencias de género. Persistencia y nuevas formas* (pp. 155-165). Madrid: Catarata.
- Beauvoir, S. (2017). *El segundo sexo*. Madrid: Cátedra.
- Bigler, R., Roberson Hayes, A. e Hamilton, V. (2013). El papel de las escuelas en la socialización temprana sobre las diferencias de géneros. En C. L. Martin (ed.), *Género: socialización temprana. Enciclopedia sobre el Desarrollo de la Primera Infancia* (pp. 16-40). Recuperado de: <http://www.encyclopedia-infantes.com/sites/default/files/dossiers-complets/es/genero-socializacion-temprana.pdf>
- Carreras Port, A., Subirats Martòri, M. e Tomé González, A. (2012). La construcción de las identidades de género en la etapa 0-3. Primeras exploraciones. En J. García Marín e M. B. Gómez Vázquez (coords.), *Diálogos en la cultura de la paridad: reflexiones sobre feminismo, socialización y poder* (pp. 35-56). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Castillo Sánchez, M. e Gamboa Araya, R. (2013). La vinculación de la educación y género. *Actualidades Investigativas en Educación*, 13 (1), 1-16. Recuperado de: <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=44725654014>
- Cheira, A. (2019). (Criando) princesas que puedan sostenerse sobre sus propios pies. En B. Revelles-Benavente e A. M. González Ramos (eds.), *Género en la Educación. Pedagogía y Responsabilidad Feministas en Tiempos de Crisis Política* (pp. 195-214). Madrid: Morata.
